



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO

Lugar: casa do concello

Data: 25 de xuño do 2015

Hora de comezo: 20.00 horas

Hora de remate: 21.15 horas

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Dona María del Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Dona Ana María Seijo Mosquera
Don Jesús Sanjuás Mera
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Don Alejandro Bermúdez Devesa
Don Xabier Canabal Fernández
Dona María del Carmen Soutullo Carolo
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Ninguén.

No salón de sesións da casa do concello e presidindo o alcalde don Ovidio Rodeiro Tato, reúnen os concelleiros, que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria-interventora Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria do Pleno, que foi convocada cos requisitos legais esixibles.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Periodicidade das sesións plenarias**
- 3. Designación membros da Comisión de Contas**
- 4. Creación da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias no Pleno**

- 5. Nomeamento de representantes dos órganos colexiados: Consello Escolar, Padroado Fundación Pedro Pérez, Mesa de Contratación, Terras de Compostela, Xunta de Compensación SAUI 2**
- 6. Indemnizacións aos membros da corporación por asistencia a órganos colexiados: Plenos, Xuntas de Goberno, Comisión de Contas, Mesa de Contratación e gastos por xornadas de traballo**
- 7. Designación cargos con dedicación exclusiva e aprobación da súa retribución**
- 8. Información da alcaldía**

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

Co voto a favor de todos os concelleiros/as presentes neste intre, que son oito, apróbase a acta da sesión plenaria que tivo lugar o 13 de xuño do 2015.

2. Periodicidade das sesións plenarias

Dáse conta da proposta da alcaldía para a celebración das sesións ordinarias dos plenos os segundos mércores dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro.

A continuación o señor Canabal, da agrupación veciñ@s de Boqueixón di o seguinte: “O grupo municipal de Veciñ@s rexistrou o pasado martes 16 de xuño un decálogo de propostas en relación á organización municipal a fin de que puideran ser tidas en conta polo alcalde da corporación.

Non eran, a priori, unhas propostas de máximos, senón unhas propostas que cualificamos de mínimos para tentar unha mellor transparencia na xestión e unha racionalización no gasto público, principios que comparten as dúas formacións que hoxe están representadas no pleno.

Temos que dicir, despois do que vemos no primeiro pleno, que estas propostas non son tidas en conta, e o que ofrece o “novo” alcalde e o equipo de goberno, é exactamente máis do mesmo.

O comezo non pode ser máis desalentador.

En canto ao caso en concreto, na periodicidade dos plenos, propoñiamos a celebración de plenos ordinarios mensuais, en aras a unha maior transparencia e para unha participación activa do Pleno nos asuntos municipais. E non argumenten sobre os recursos, posto que cunha redución ao 50% das dietas dos concelleiros, o custo sería idéntico ao que propoñen.

É por iso que informamos ao resto dos concelleiros do pleno da nosa proposta, rexistrada o pasado martes 16 de xuño con número de rexistro 15/1171ao fin de que lle boten un ollo, e que cousas que consideramos moi normais, poidan ao fin, ser aceptadas polo grupo de goberno”.

O señor Sanjuás do PP di que si viu o escrito da agrupación veciñ@s de Boqueixón e que está de acordo con algúns apartados pero con outros non. Sen embargo, di o señor Sanjuás “ o grupo popular temos a responsabilidade e consecuentemente temos que actuar”.

O señor alcalde di que, aínda que na proposta se puxo a celebración ás 20.00 horas, a maioría dos concelleiros/as prefiren que os plenos teñen lugar ás 20.30 horas, polo que propón este cambio.

Sen máis, procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP e en contra dos representantes da agrupación veciñ@s de Boqueixón acórdase:

1. Que teñan lugar as sesións plenarias os segundos mércores do mes de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro ás 20.30 horas.
2. No caso de coincidir en día festivo, a sesión plenaria ordinaria terá lugar o mércores hábil seguinte do mesmo mes ás 20.30 horas.

3. Designación membros da Comisión de Contas

Dáse conta da proposta da alcaldía designando os membros da Comisión de Contas e tendo en conta, así mesmo, a proposta da agrupación veciñ@s de Boqueixón

A continuación o señor Canabal di o seguinte: “En primeiro lugar, queremos destacar que nos sorprende que o Alcalde, que ao fin é o que formula os orzamentos e a Conta Xeral, non estea nesta Comisión Especial de Contas.

Pero o que realmente consideramos inadmisíbel é que a única comisión obrigatoria en calquera concello segundo a Lexislación en materia Local, con representación tamén obrigatoria de todos os grupos, teña unha representación tan desigual atendendo aos resultados electorais.

Cuns resultados electorais para o PP do 63,28% e do 29,71% para Veciñ@s e cunha proporción no pleno de 8 a 3, a ratio de 4 a 1 na comisión de contas reflicte un 80% de representatividade para o PP deixando tan só un 20% para Veciñ@s, sendo claramente desproporcionada e discriminatoria cara o noso grupo.

Ademais disto, quedando a comisión de contas coa proporción 4 a 1, contradí claramente o artigo 66.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia onde se establece que “O número de membros será proporcional á súa representatividade no Concello ou igual para cada grupo. No último caso aplicarase o sistema de voto ponderado”.

Polo tanto solicitamos outro membro na Comisión de Contas. Cunha representación de 4 a 2 a representación sería do 67% fronte ao 33%, máis achegado aos resultados electorais”.

Neste intre, cando son as 20.20 horas, entra na sesión, no salón de plenos, o concelleiro don Jesús J. Santasmarinas Devesa.

O señor alcalde acepta incluír un concelleiro máis da agrupación veciñ@s de Boqueixón na Comisión de Contas, e consecuentemente proponse como vogal número 5 a don Perfecto Barcala Mosquera.

Por unanimidade acórdase nomear aos seguintes membros da Comisión de Contas:

Presidente titular	Don Manuel Fernández Munín
Suplente	Don Ovidio Rodeiro Tato
Vogal 1	Don Jesús Santasmarinas Devesa
Suplente	Don Jesús Sanjuás Mera
Vogal 2	Don Alejandro Bermúdez Devesa
Suplente	Dona Ana M ^a Seijo Mosquera
Vogal 3	Don Antonio González Barral
Suplente	Dona M ^a Carmen Botana Cebeiro
Vogal 4	Don Xabier Canabal Fernández
Suplente	Dona M ^a Carmen Soutullo Carolo
Vogal 5	Don Perfecto Barcala Mosquera

4. Creación da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias no Pleno

Constituída a nova corporación en sesión que tivo lugar o 13 de xuño do 2015 é sendo conveniente que exista neste concello “ Xunta de Goberno Local” co fin de prestar asistencia á alcaldía e mesmo exercer as atribucións que o alcalde, o pleno ou as leis lle atribúan, proponse ao pleno a súa creación.

A continuación o señor Canabal di: “Neste punto tamén temos unha proposta clara:

“CUARTO: constitución da Xunta de Goberno.

Segundo establece o artigo 20 1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, “A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu Concello”.

Ao ser Boqueixón un concello de menos de 5.000 habitantes, e non existindo de momento “regulamento orgánico do pleno”, Veciñ@s considera que non debera retirarlle funcións ao pleno para outras comisións ou xuntas delegadas do Pleno.

Por iso propomos a eliminación da Xunta de Goberno Local, ou se non é posible, a inclusión de todos os grupos municipais na mesma. Así pois, no caso de que o Pleno acorde necesario crear a Xunta de Goberno Local, esta proposta deberá ser motivada, deberá reunirse como máximo en sesión ordinaria unha vez ao mes, dentro dos primeiros 15 días, e deberá estar representada por todos os grupos participantes do Pleno.”

E tampouco neste punto, se tivo en conta a proposta de veciños. Non só non estamos representados na Xunta de Goberno, senón que esta se vai subrogar moitas das competencias do Pleno, polo que non estamos de acordo.

Neste punto, e en función de varias sentencias, esiximos á secretaría do concello a que se nos remitan todas as convocatorias das Xuntas de Goberno, para se é o caso de tratarse de temas que corresponden ao pleno, ter acceso aos expedientes das Xuntas de Goberno antes da realización destas xuntas.

Responde a secretaria que efectivamente as Xuntas de Goberno nas que se traten asuntos delegados polo Pleno deben ser públicas e que consecuentemente se lles dará traslado da convocatoria

Loxicamente, e en coherencia coa proposta de organización de Veciñ@s, votamos en contra da creación da Xunta de Goberno”.

O señor alcalde di que son dúas o mes porque así o establece a lei. Segue dicindo o señor alcalde que o feito de que exista xunta de goberno non implicará que non teña acceso a toda a documentación, senón que se lle dará traslado da documentación que soliciten e poderán dispor dos sábados para ver toda a documentación solicitada e mesmo se calquera outro día da semana o solicitan tamén se lle poñerá a súa disposición.

Só se lles pide que presenten a solicitude con antelación suficiente para que os traballadores poidan poñela a súa disposición sen menoscabo do seu traballo diario.

Segue dicindo o señor alcalde que el defenderá que haxa transparencia total na actividade municipal.

En canto ó número de sesións da xunta de goberno a secretaria-interventora di que “efectivamente, a lei establece o número mínimo de sesións, que serán cada 15 días, salvo que o regulamento orgánico estableza outra cousa e que no concello non existe tal regulamento (artigo 112.2 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra da agrupación veciñ@s de Boqueixón, acórdase:

1. Constituír a Xunta de Goberno Local no concello de Boqueixón.

2. Esta Xunta de Goberno estará integrada, tal como establece o art. 23.1 da lei reguladora das bases de réxime local , por tres concelleiros (equivalente ao terzo do número legal de membros da corporación que son once) designados polo alcalde, que a presidirá.

3. Delegar na Xunta de Goberno Local, o exercicio das seguintes atribucións, competencia do pleno :

j) O exercicio de accións xudiciais , administrativas e a defensa da corporación en materia de competencia plenaria.

k) A declaración de lesividade dos actos do concello.

m) A concertación das operacións de crédito cuxo importe acumulado, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ,

salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior , todo de conformidade co disposto na lei reguladora das facendas locais, e tendo en conta o previsto no apartado 2 letra L , do artigo 47 da lei reguladora das bases de réxime local.

n) As contratacións de toda clase (obras, subministros, xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e os contratos privados) cando o seu importe supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto e, en calquera caso, os seis millóns de euros, así como os contratos plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e as plurianuais de menos duración , cando o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior o importe sinalado nesta letra.

ñ) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos, salvo no caso de contratos de obras cuxo período de execución exceda do presuposto anual e cuxos proxectos fosen redactados independentemente para cada unha das partes da obra.

o) A adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto e, en todo caso cando sexa superior a tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio cando o seu valor supere a porcentaxe e contía indicadas ou sexan bens declarados de valor histórico artístico calquera que sexa o seu valor, salvo nos casos previstos no apartado 2 letras j, m e ñ do artigo 47 da lei reguladora das bases de réxime local.

5. Nomeamento de representantes dos órganos colexiados: Consello Escolar, Padroado Fundación Pedro Pérez, Mesa de Contratación, Terras de Compostela, Xunta de Compensación SAUI 2

Tendo que nomear aos representantes nos distintos órganos colexiados e tendo en conta a proposta da agrupación veciñ@s de Boqueixón, propónse designar aos representantes nos diferentes órganos colexiados.

O señor Canabal di o seguinte:

“1.- Representante no Consello Escolar:

Non entramos a analizar as áreas delegadas nomeadas pola alcaldía nin facer valoracións a priori da súa idoneidade. Polo tanto neste primeiro punto, parece razoable que a concelleira delegada de educación sexa a representante no consello escolar.

2.- Padroado Fundación Pedro Pérez.

Atendendo aos estatutos, e a unha maior representatividade dos órganos democráticos do concello, non vemos por que non podemos estar de Padróns nesta fundación.

Ben é certo que atendendo aos estatutos, ten que estar un alcalde pedáneo, pero tampouco se explicita que teña que haber dous. Por outro lado, hai doce anos que quixen saber a relación dos alcaldes pedáneos e os seus nomeamentos, cousa que aínda non puideren ver.

Polo tanto Veciñ@s solicita que o Concelleiro Barcala, veciño tamén da parroquia da Ledesma, sexa padróon da Fundación Pedro Pérez.

3.- Membros das Mesas de Contratación.

Neste punto chama a atención tres aspectos:

- Que o alcalde non sexa quen presida esta mesa de contratación.
- Que a presidenta sexa precisamente unha concelleira chegada de novo a esta corporación. Cremos que pola especial delicadeza das contratacións, sobre todo nos tempos que corren, fora o propio alcalde quen presidira esta mesa.
- Preguntar tamén á secretaria da corporación se o concelleiro Alejandro Bermúdez Devesa, pola actividade profesional que desenvolve, non poderá entrar en ocasións (cando se traten de obras) en incompatible a súa posición na mesa de contratación.

Por último, o grupo municipal de Veciñ@s desexa facer un troco de vogal na mesa de contratación, pasando a ser a vogal 4 Mª Carmen Soutullo e suplente Perfecto Barcala.

4.- Representante de Terras de Compostela: Jesús Sanjuás Mera.

Non nos opomos ao representante, salvo que queremos destacar o pouco que o concello aproveitou este GDR ata o presente.

5.- Representante da Xunta de Compensación SAUI 2: Jesús Sanjuás Mera.

Do SAUI 2 teremos que falar detidamente nos vindeiros meses. Pero para empezar, e vendo a complexidade xurídica que ten todo o relacionado co SAUI 2, vemos máis efectivo, se é posible, que o concello nomee á propia secretaria da corporación como representante.

O señor alcalde di o seguinte:

1. En canto á “Fundación Pedro Pérez”, non hai inconveniente para incorporar ó padroado a don Perfecto Barcala Mosquera.
2. En canto á mesa de contratación, procédese co cambio no senso de nomear titular a dona Mª Carmen Soutullo Carolo e suplente a don Perfecto Barcala Mosquera.

En canto á presidencia da mesa, di a secretaria-interventora que según a declaración de bens presentado por don Alejandro Bermúdez Devesa, este é empregado non propietario, nin socio de ningunha empresa.

Isto mesmo, confírmao o señor Bermúdez Devesa que di que nin é socio nin ten accións de ningún tipo na empresa da que é un empregado.

En canto á presidencia da mesa de contratación, o señor alcalde di que non ten motivos para non presidila e si ten que facelo, será o presidente da mesa de contratación.

3. En canto a Terras de Compostela, di o alcalde que según a xerente deste organismo, o concello de Boqueixón é o que máis beneficios ten. E, segue dicindo o alcalde, penso que os datos son máis favorables para o tecido empresarial agrario deste concello.
4. En canto ó SAUI-2, a secretaria-interventora di que nas bases da Xunta de Compensación establécese que será un representante municipal e que entende que debe ser un político. De todas formas, desde o concello levamos un control das xuntas que se realizaron.

Sen máis procédese coa votación e por unanimidade acórdase:

1. Nomear representantes no Consello Escolar a :

- **Titular:** dona M^a Carmen Botana Cebeiro
- Suplente: don Jesús Sanjuás Mera

2. Nomear representantes no padroado da Fundación Pedro Pérez a:

- **Presidente titular:** don Ovidio Rodeiro Tato
- Suplente: dona M^a Carmen Botana Cebeiro
- **Vogal 1:** dona Ana M^a Seijo Mosquera
- Suplente: don Manuel Fernández Munín
- **Vogal 2:** don Perfecto Barcala Mosquera
- **Vogal 3:** Ángeles Villar Couto (Alcaldesa pedánea de Ledesma)
- **Vogal 4:** Manuel Cao González (Alcalde pedáneo de Ledesma)
- **Vogal 5:** director do CPI Antonio Orza Couto
- **Secretaria :** a da corporación municipal.

3. Nomear membros da Mesa de Contratación a:

- **Presidenta titular:** dona Ana M^a Seijo Mosquera
- Suplente: don Ovidio Rodeiro Tato
- **Vogal 1:** don Jesús Santasmarinas Devesa
- Suplente 1: don Jesús Sanjuás Mera
- **Vogal 2:** don Alejandro Bermúdez Devesa
- Suplente 2: don Manuel Fernández Munín
- **Vogal 3:** don Antonio González Barral
- Suplente 3: dona M^a Carmen Botana Cebeiro
- **Vogal 4:** dona M^a Carmen Soutullo Carolo
- Suplente 4: don Perfecto Barcala Mosquera
- **Vogal 5:** dona Elena Suárez Rodríguez (secretaria-interventora)
- Suplente 5: don Juan Corral Sánchez
- **Secretaria titular:** dona Adela Lamela Arteaga
- Suplente da secretaria: dona M^a Lourdes García Abeijón

4. Nomear representante de “Terras de Compostela” a don Jesús Sanjuás Mera

5. Nomear representante da “Xunta de Compensación SAUI 2” a don Jesús Sanjuás Mera

6. Indemnizacións aos membros da corporación por asistencia a órganos colexiados: Plenos, Xuntas de Goberno, Comisión de Contas, Mesa de Contratación, e gastos por xornadas de traballo.

Constituída a nova corporación e establecido o réxime de sesións ordinarias do pleno, procede aprobar as indemnizacións por asistencias ao mesmo así como aos demais órganos colexiados: xunta de goberno, comisión de contas e mesa de contratación. Procede igualmente aprobar as indemnizacións por gastos ocasionados polo exercicio do cargo, polo que se propón a súa aprobación.

O señor Canabal di que neste punto tamén estamos en desacordo. Formulabamos na nosa proposta:

“OITAVO: Retribucións individuais e asignación a grupos.

O grupo municipal de Veciñ@s, considera asemade necesario que se retribúan aos grupos municipais, prioritariamente sobre as retribucións/dietas individuais que veñen asignándose aos concelleiros nos últimos anos.

Por iso, e sendo conscientes da actual situación económica do concello, e non querendo que se destinen máis fondos á retribución dos membros da corporación propoñemos que as asignacións / dietas aos concelleiros se reduzan como mínimo do 50% do actual, e se asigne aos grupos políticos unha retribución en función dos seus concelleiros.

Porén, o que se expón é unha asignación individual a concelleiros, e da mesma contía que as que se viñan percibindo nos últimos anos, situación coa que non concordamos. Tampouco se fala nada da dispoñibilidade de Local aos Grupos, nin do acceso á información, situación que debера saír tamén hoxe claramente definida”.

O señor alcalde di que se darán de baixa varios teléfonos dos concelleiros o cal suporá un aforro, e tamén nunha próxima sesión aprobaranse as indemnizacións aos grupos políticos.

En canto ó acceso á información, di o alcalde que será como mellor lles conveña ao grupo político, que poden seguir vendo a documentación os sábados como actualmente o viñan facendo.

O señor Canabal di que entón poderán seguir os sábados pola mañá.

Responde o señor alcalde que si.

O señor Canabal tamén solicita poder ter acceso a internet no concello.

Responde o señor alcalde que iso haberá que analízalo para ver como se pode facer.

Procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra da agrupación veciñ@s de Boqueixón, acórdase:

1 Aprobar o aboamento das seguintes asistencias :

Plenos: 120 €/sesión

Xuntas de Goberno: 120 €/sesión

Comisión de Contas: 120 €/sesión

Mesas Contratación: 120 €/sesión

Cando se trate de gastos non orixinados por reunións ou asistencia percibirase, polos membros da corporación sen dedicación parcial nin exclusiva, unha indemnización de 47,50 euros se é xornada completa, e o 50% se é media xornada, non incluíndo as citadas cantidades gastos de quilometraxe, de ser o caso.

2 Cando nun mesmo día teña lugar máis dunha sesión en horario continuo, só se percibirá unha asistencia.

3 Os gastos de locomoción :

Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos, por comisión de servizos ou xestións oficiais, dispostos pola Corporación, polo seu Presidente ou por outros órganos competentes, serán aboados previa a presentación dos correspondentes xustificantes.

No caso de utilizar vehículo propio, aboaranse as indemnizacións aplicables nas administracións públicas.

4. Axudas de custo :

No que respecta ás axudas de custo, aboaranse os gastos xustificados que presenten, tanto o alcalde como os demais membros da corporación, por traslados fóra da localidade.

7. Designación cargos con dedicación exclusiva e aprobación da súa retribución

Sendo necesaria a designación de dous cargos municipais que desempeñen ás súas funcións no concello con dedicación exclusiva e tendo en conta o artigo 75^{ter} da Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da administración local que establece que os concellos con poboación comprendida entre 3.001 e 10.000 habitantes poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva, como máximo tres cargos públicos.

Tendo en conta, así mesmo, que o límite máximo a percibir por todos os conceptos retributivos e asistencia (excluídos os trienios aos que no seu caso teñen dereito os funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais) en concellos de ata 5.000 habitantes é de 40.000 €, proponse ao pleno a aprobación de dúas exclusivas no concello de Boqueixón.

Este concello, segue dicindo o señor alcalde, xestiona moitos servizos e por isto é necesario contar con dúas exclusivas para levar a cabo unha xestión integral e ordenada do concello.

A continuación o señor Canabal di o seguinte:

Para o grupo de Veciñ@s esta é unha das propostas máis escandalosas do presente pleno.

Neste punto tamén tiñamos proposta que presentamos o pasado martes no rexistro do Concello:

DÉCIMO: dedicación exclusiva.

O grupo municipal de Veciñ@s considera necesario que exista unha única dedicación exclusiva no concello, que debe ser a do seu alcalde – presidente.

Por iso dende o grupo consideramos e esiximos que o alcalde teña dedicación exclusiva aos asuntos do concello durante os vindeiros 4 anos, esixíndolle tamén traballo e dedicación a prol d@s veciñ@s, polo que deberá percibir unha retribución razoable, e que en todo caso non supere os 3,5 SMI brutos (salario mínimo interprofesional).

Porén, a proposta do goberno son dúas dedicacións exclusivas no canto de unha, e cunha retribución moito máis alta e só 1.500 € inferior á máxima autorizada pola lexislación local.

Emprégase, ao noso ver, o concello como unha axencia de colocación dos ex-alcaldes e concelleiros.

Facemos unha visión retrospectiva para demostralo:

1. A primeira vez que en Boqueixón se asignaron dedicacións exclusivas foi no ano 2003. Non é moi raro observar que isto coincida no tempo coa entrada no Consello de Estado de Romay Becaría. Acabárase pois, o periplo de “Asesor” da súa man dereita, polo que era necesario buscar un postiño remunerado en Boqueixón, do que levaba sendo alcalde 12 anos sen precisar ter nómina a cargo do Concello.
2. Indo á Wikipedia Galega, de Gacio dinos “Foi durante moitos anos a man dereita de José Manuel Romay Becaría e foi o principal instrutor de Ovidio Rodeiro Tato (actual Director Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia e durante moitos anos vice-alcalde do concello de Boqueixón)”.
3. Como o instrutor tiña que aterrizar en Boqueixón, fíxoo acompañado do seu golfiño. Así nese ano 2003, apróbanse dúas dedicacións exclusivas:
 - Soldo Bruto Anual Alcalde: 29.351,84 €.
 - Soldo Bruto Anual Ovidio: 26.898,16 €.
4. Pasou este mandato (2003 – 2007) e chega o mandato seguinte. Podían xustificarse as dúas dedicacións exclusivas? Si, xa o fixeran no mandato anterior.

Polo tanto, no 2007 establécense tamén dúas dedicacións exclusivas:

 - Alcalde: 31.989,44 €/anuais.
 - Ovidio: 29.603,00 €/anuais.
5. Xustifícanse estas dúas dedicacións exclusivas, pero... SORPRESA!!! O alcalde de Boqueixón é elixido deputado provincial e posteriormente foi designado portavoz do grupo popular na Deputación Provincial da Coruña, cargo que desempeña con dedicación exclusiva e retribuído integramente pola dita entidade, polo que procede revogar a dedicación exclusiva e a retribución aprobada no dito pleno municipal.
6. É así que o que xustifica como necesario (dúas dedicacións exclusivas) no pleno de 22 de xuño de 2007, se revoga no pleno do 12 de setembro. Non lle parece curioso!
7. É así que o mandato 2007 – 2011 transcorre cunha dedicación exclusiva, e sen problemas ata que o 23 de abril de 2009, o Sr. Ovidio Rodeiro é nomeado

Director Xeral de Xuventude e Voluntariado, polo que renuncia á vice-alcaldía e a súa dedicación exclusiva no concello.

8. Tempos convulsos para o PP neste ano (recordamos a situación económica daquela), e non é ata novembro ata que o concello retribúe ao Sr. Sanjuás como membro da corporación con exclusiva. O alcalde estaba nun retiro dourado na Deputación, o vice-alcalde atopara un postiño mellor na Xunta, e o outro tenente de alcalde tamén dimitira. Solución: Sanjuás queda con dedicación.
 - Salario bruto anual: 31.107,02 €.
9. E así se pasa ata as eleccións municipais de 2011. Nestas eleccións, e como o alcalde ten aspiracións a repetir no posto de deputado provincial con dedicación exclusiva, entón a proposta naquel pleno de xuño de 2011 é dunha dedicación exclusiva, neste caso para o concelleiro Sanjuás, propoñendo ao pleno a designación dun cargo municipal que desempeñe as súas funcións no concello. Di o alcalde naquela sesión que se propón “unha sola dedicación exclusiva quedando pendente outra que de momento non é seguro”. Así no pleno do 20 de xuño de 2011, apróbase unha dedicación exclusiva para o concelleiro Sanjuás:
 - Salario Bruto: 29.328,46 €
10. Ao final, o alcalde non é reelixido deputado provincial e no pleno do 13 de xullo, apróbase outra exclusiva para o alcalde, neste caso:
 - Salario Bruto Anual: 45.641,96 €.
11. Posteriormente dáse conta da elevada contía e reduce o seu soldo.
12. E só transcorrido un ano, en setembro de 2012, o alcalde é detido e imputado. Non faremos un relatorio daqueles meses de setembro, outubro e novembro (que darían para escribir moito); o resultado: dimita como alcalde primeiro e como concelleiro despois.

Neste punto o señor alcalde dille que debería cingirse á orde do día.

13. Facer referencia iso si, que naqueles meses saíron dúas propostas moi curiosas, estando redactadas nos expedientes plenarios e que tiveron que renunciar pola presión que se exerceu daquela sobre o concello de Boqueixón. Estas propostas foran:
 - A proposta de pagarlle ao ex-alcalde, disque en función de “embaixador ante as administracións públicas”.
 - A segunda foi a tentativa de incremento do soldo do alcalde Sanjuás, ao que tamén renunciou pola presión que se exercera.
14. O que nos interesa aquí: a partires de 2012, cando o alcalde é detido, Boqueixón só tivo unha dedicación exclusiva.

É dicir, en Boqueixón houbo ou non dedicacións exclusivas, non en función da necesidade do Concello; senón única e exclusivamente da necesidade que tiveran 3 concelleiros. Da necesidade que tivera o anterior alcalde, da necesidade ou non do

actual alcalde, e da necesidade ou non do ex-alcalde Sanjuás. E poden xustificar ou rexustificar, mais creo que coa relación de feitos das dedicacións exclusivas dende o ano 2003, queda claro que estas responden aos seus caprichos persoais e non a necesidades do concello.

Temos manifestado na nosa proposta a necesidade dunha dedicación exclusiva para o alcalde, xustificando un soldo máis que digno, neste caso limitada por 3,5 SMI, o que viría sendo, 31.781,40 €/brutos anuais. Aquí pola contra máis de 38.500 € e só 1.500 € por baixo do límite establecido na lexislación local.

Un concello con apenas 4.400 habitantes non pode xustificar dúas dedicacións exclusivas, máxime se o concelleiro con dedicación exclusiva ao concello é o “concelleiro delegado en servizos xerais, seguridade e medio ambiente”, cando a maioría dos servizos están externalizados en empresas, non existe policía local nin cuadrillas para desenvolver traballos medioambientais. Trátase pois unicamente de empregar ao concello como unha empresa de colocación de ex-alcaldes.

Tamén é rechamante que a dedicación do alcalde supere os 38.000 € anuais, o que supón 4,24 veces o salario mínimo interprofesional (Veciñ@s, como xa se dixo, propuxera un límite salarial establecido en 3,5 SMI o que supuña un bruto de 31.781,40 €/anuais). Deste xeito, coa dedicación exclusiva do alcalde, Boqueixón pasa por gasto a ocupar o rango dos alcaldes de Compostela, A Coruña, Ferrol ou incluso Barcelona e Madrid.

Que necesidade hai nas dúas dedicacións exclusivas?

Díganlo claro!. Non se agochen!, non xustifiquen unha mísera racionalización do gasto en redución de 6 liñas de móbiles, nin na redución de dúas potas vellas para a chatarra, nin nas costas dos traballadores que disque van traballar máis.

Díganlo claro. Sexan valentes. Digan que o fan por intereses persoais. Díganlle aos veciños que non poden baixar a auga, o saneamento, o IVTM, porque teñen que recadar para pagar as dedicacións exclusivas que nos custará a cada veciño 80,05 €.

E ao ritmo que imos, supoño que estes custos se distribuirán entre menos xente, porque non son, non foron capaces de conseguir que este concello fora atractivo, non foron quen de asentar xente en Boqueixón, e por outro lado, negan sistematicamente a achega dos outros grupos municipais, por moi racionais que sexan as propostas.

Finalmente, e como xa veño dicindo nos últimos anos, deixo os datos dos custos salariais para as actas do concello, porque moitas veces, dá a sensación de que é para quen falo. Porque nesa bancada, mais ben se escoitou sempre moi pouco, e polo que vemos hoxe, parece que van seguir polo mesmo camiño.

Concepto	Alcalde	Jesús Sanjuás	Total
Salario anual	38.459,96 €	29.328,46 €	67.788,42 €
Custos Seguridade Social empresa	12.595,64 €	9.605,07 €	22.200,71 €
Custos salariais totais anuais	51.055,60 €	38.933,53 €	89.989,13 €
Custos salariais totais 2015-2019	204.222,39 €	155.734,12 €	359.956,51 €
Custos salariais por veciño	46,41 €	35,39 €	81,81 €

Por último, di o señor Canabal, non faga demagogia cos 100 €/mes que se poden aforrar cos móbiles, que por certo os membros dos grupos da oposición nunca tivemos.

O señor Sanjuás di que a esta parodia do señor Canabal xa está acostumado e que o traballo feito polo grupo de goberno está aí.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra da agrupación veciñ@s de Boqueixón acórdase:

1. Aprobar dúas dedicacións exclusivas no concello de Boqueixón, asignándolle unha ao alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato e outra ao segundo tenente de alcalde, don Jesús Sanjuás Mera.

2. Aprobar as seguintes retribucións:

- a) Alcalde: Salario bruto anual en 14 pagas: 38.459,96 €
- b) Don Jesús Sanjuás Mera: Salario bruto anual en 14 pagas: 29.328,46 €

8. Información da alcaldía

A continuación dáse conta do seguinte:

A) Resolución da alcaldía de data 22 de xuño de 2015, designando concellarías e nomeando concelleiros delegados para a dirección interna e xestión dos servizos, que a continuación se transcribe literalmente:

“O día 13 de xuño de 2015 constituíuse a nova corporación, polo que procede á designación e o nomeamento dos concelleiros – delegados para a dirección interna e xestión do correspondente servizo. Por este motivo,

RESOLVO:

Designar as seguintes Concellarías e nomear concelleiros–delegados para a dirección interna e xestión do servizo correspondente a:

D. Ovidio Rodeiro Tato	Alcaldía Secretaría municipal, asuntos protocolarios, relacións institucionais, relacións coas comunidades residentes no exterior, promoción do concello, persoal, xuventude e voluntariado.
------------------------	--

Manuel Fernández Munín	Área – Concellaría de modernización, transparencia, ordenación municipal e obras Xestión Económica e Administrativa, control financeiro e orzamentario, xestión tributaria, xestión de obras públicas, ordenación urbanística, coordinación de investimentos en infraestrutura, vías e obras, vivenda e expropiacións
Jesús Sanjuás Mera	Área – Concellaría de servizos xerais, seguridade e medio ambiente Programa de recollida do lixo, mantemento e limpeza de contedores, composteiros e reciclaxe, servizo de limpeza viaria, beirarrúas e áreas recreativas. Programa de mantemento de pistas forestais, programa de desbroces, programa de control e supervisión de consumos e subministros eléctricos, revisión de contadores, programa de limpeza e mantemento de edificios públicos (colexio, instituto, centros de saúde, rede de centros socio-culturais, pavillóns polideportivos, ximnasio, programa de “fochas cero”, xestión do punto limpo, transporte metropolitano, abastecemento e saneamento, protección civil, seguridade cidadá, parques e xardíns, protección ambiental e defensa contra incendios.
Mª Carmen Botana Cebeiro	Área – Concellaría de Educación, Cultura e Deportes Promoción cultural, políticas de educación e deportes, xestión dos locais socioculturais e infraestruturas deportivas
Ana Mª Seijo Mosquera	Área – Concellaría de Servizos Sociais e Igualdade Atención á terceira idade, discapacitados e colectivos en risco de exclusión, Coordinación dos programas de dependencia e cobertura das necesidades sociais básicas, políticas de igualdade social, coordinación CIM e políticas de igualdade de xénero.
Antonio González Barral	Área – Concellaría de Industria, comercio, novas tecnoloxías e Innovación. Parques empresariais, comercio, protección o consumidor feiras e promoción económica. Implantación das novas tecnoloxías e dinamización tecnolóxica.

Jesús José Santasmarinas Devesa	Área – Concellaría terra e monte Desenvolvemento rural, agricultura, gandería e montes, industrias derivadas destes sectores, concentracións parcelarias.
Alejandro Bermúdez Devesa	Área – Concellaría Formación, Emprego, Turismo e desenvolvemento Local Programas formativos e de desenvolvemento local, promoción turística, protección do patrimonio histórico e artístico.

B) Resolución da alcaldía de data 22 de xuño de 2015, na que se nomean titulares das tenencias de alcaldía, que a continuación se transcribe literalmente:

“Despois das eleccións do pasado 24 de maio de 2015, constituída a Corporación na sesión que tivo lugar o día 13 de xuño e de acordo co disposto na lexislación vixente,
RESOLVO :

- 1) Nomear titulares das tenencias da alcaldía aos seguintes concelleiros :
Primeira tenencia de alcaldía: don Manuel Fernández Munín
Segunda tenencia de alcaldía: don Jesús Sanjuás Mera
Terceira tenencia de alcaldía: dona M^a Carmen Botana Cebeiro
- 2) Corresponderá aos nomeados, substituír a esta alcaldía no exercicio das súas atribucións e nos supostos legalmente previstos.
- 3) Notificar esta resolución ás persoas designadas co fin de que presten, no seu caso a aceptación dos ditos cargos.
- 4) Remitir un anuncio dos nomeamentos para a súa inserción no BOP e publicalas así mesmo, no taboleiro de edictos do concello.
- 5) Dar conta desta resolución ao Pleno na primeira sesión que celebre.
- 6) Os nomeamentos serán efectivos desde o día seguinte á data desta resolución.”

C) Escrito da agrupación veciñ@s de Boqueixón, de data 16 de xuño do 2015, número de entrada 15/1170, que se transcribe literalmente:

“Xabier Canabal Fernández, María Carmen Soutullo Carolo e Perfecto Barcala Mosquera, en calidade de concelleiros da corporación de Boqueixón, escollidos baixo a lista electoral “agrupación de electores Veciñ@s de Boqueixón” para as eleccións municipais do pasado 24 de maio, en virtude dos artigos 23 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais comunican:

PRIMEIRO: A constitución do grupo municipal de Veciñ@s.

SEGUNDO: A integración d@s tres concelleir@s dentro do grupo municipal Veciñ@s.
TERCEIRO: A efectos da organización do grupo, conforme ao artigo 24.2 do ROF, noméase:

- Portavoz: Xabier Canabal Fernández.
- Portavoces Suplentes: María Carmen Soutullo Carolo e Perfecto Barcala Mosquera.

CUARTO: Designación de portavoces na Comisión Especial de Contas, outras comisións informativas permanentes e Mesas de Contratación:

- Portavoz: Xabier Canabal Fernández.
- Portavoces suplentes: María Carmen Soutullo Carolo e Perfecto Barcala Mosquera.

QUINTO: Establécese como domicilio social do grupo: Aldea de Pazos, 21 – Lestedo, 15881 Boqueixón.

E como contactos cos concelleiros os seguintes enderezos electrónicos e teléfonos:

Concelleir@	E-Mail	Teléfono
Xabier Canabal	<u>xxxxx</u>	xxxxx
María Carmen Soutullo	<u>xxxxx</u>	xxxxx
Perfecto Barcala Mosquera	<u>xxxxx</u>	xxxxx

E para que así conste aos efectos oportunos asinamos esta comunicación, en Boqueixón o 16 de xuño de 2015.

Asdo.

Xabier Canabal Fernández M^a Carmen Soutullo Carolo Perfecto Barcala Mosquera”

D) Escrito do PP de Boqueixón, de data 19 de xuño do 2015, co número de entrada 15/1201, que a continuación se transcribe literalmente:

“Os abaixo asinantes, nomeados concelleiros do Partido Popular do concello de Boqueixón, na sesión constitutiva da corporación municipal que tivo lugar o 13 de xuño de 2015, en cumprimento do establecido no artigo 75 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, comunican o seguinte:

1. A constitución do grupo municipal do Partido Popular.
2. A integración de todos os concelleiros do Partido Popular, membros da corporación municipal de Boqueixón, no grupo municipal do Partido Popular.
3. Designar voceiro do grupo a don Jesús Sanjuás Mera e designar suplente a dona M^a Carmen Botana Cebeiro.

Boqueixón, 19 de xuño do 2015

D. Ovidio Rodeiro Tato

D. Manuel Fernández Munín

D^a M^a Carmen Botana Cebeiro

D. Antonio González Barral

D^a Ana M^a Seijo Mosquera

D. Jesús Sanjuás Mera

D. Jesús José Santasmarinas Devesa

D. Alejandro Bermúdez Devesa”

E) Escrito da FEGAMP, do 23 de xuño do 2015, rexistro de entrada 15/1250, dirixido o alcalde-presidente e asinado por don Eduardo Ramonde Rodríguez, secretario xeral, que a continuación se transcribe literalmente:

“En relación coa representación da Federación Galega de Municipios e Provincias no Consello Reitor da Axencia Galega de Emerxencias, teño a honra de participarche a túa designación, a proposta do teu grupo político, como representante titular, para formar parte de dito organismo.

Todo o que che comunicamos para o teu coñecemento”

Informa, así mesmo, o señor alcalde que no día de onte recibiu a visita do conselleiro de cultura e educación para comprobar como está e para mellorar a ponte de Ponteledesma. Nesta ocasión non foron invitados porque xurdiu case de súpeto, pero en próximas ocasións serán invitados.

Tamén informa o alcalde, que se falou con todos os empregados municipais para dedicar máis horas de traballo e que o compromiso de todos eles foi total.

Sen máis asuntos que tratar , o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria-interventora

Visto e praxe
O alcalde